

Expediente núm.: 3327/2025

Procedemento: Concesión de subvencións directas. APROBACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN A PANCHÁ, A NOSA MOEDA LOCAL.

DECRETO

Examinado expediente para a aprobación dunha subvención para o fomento do consumo e a dinamización do comercio local polo miúdo, o turismo e outros servizos.

VISTOS os informes que obran no expediente e, singularmente, o de fiscalización limitada previa emitido polo servizo de Intervención municipal.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º. Proceder á aprobación das bases reguladoras do programa A Pancha, a nosa moeda local, para o exercicio 2025.

2º. Remitir o presente acordo, seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS a través do envío da información precisa, contida no artigo 23 da LXS á Base de Datos Nacional de Subvencións.

ANEXO I. INFORME E BASES REGULADORAS DE A PANCHÁ, A NOSA MOEDA LOCAL

O **incremento dos prezos de bens e servizos derivado da situación económica inflacionaria** que seguiu á crise sanitaria da Covid-19 así como á **crise xeopolítica mundial**, provocou unha perda do poder adquisitivo e da capacidade de compra directamente e en maior medida, nos fogares e nas empresas, mermando a demanda e afectando ao benestar da cidadanía en xeral, e en particular á de Ribadeo, tendo en conta que o sector económico con máis peso nesta vila é o terciario, o cal depende completamente da capacidade de compra e da demanda da familias e da cidadanía en xeral.

A esta situación, cómpre engadirlle o rápido e imparable avance dos **usos das tecnoloxías e a universalización das compras en liña**, o que nos deixa un escenario ben difícil para o comercio retalista e outros servizos.

Por estes motivos, o Concello de Ribadeo quere establecer unha serie de medidas para dinamizar e desestacionalizar a economía local, con especial incidencia nos subsectores do comercio e a hostalería a través do programa A Pancha, a nosa moeda local. **O obxectivo principal é estimular o consumo nos establecementos do sector comercial polo miúdo, hostaleiro e outros servizos a través desta moeda local.**



Os obxectivos específicos destas medidas serían:

- 1.- Propiciar o **fortalecemento das persoas empresarias autónomas e as micropemes do sector comercial, hostaleiro e servizos que se recollen nas bases do programa.**
- 2.- **Estimular a demanda nos sectores clave na economía local**, o que favorecerá tanto á cidadanía como ao tecido empresarial.
- 3.- **Dinamizar a actividade comercial no eido local fóra da época maior consumo.**

Os obxectivos, tanto xerais como específicos do desenvolvemento desta actividade, plantéxanse cunha finalidade de utilidade pública e de interese social universal para o Concello de Ribadeo.

A Pancha, a nosa moeda local, está pensada para o consumo en forma de **subvención dotada cun orzamento de 65.000 euros**, que se desenvolverá entre os meses de **novembro e decembro de 2025**.

Para a xestión e canalización destas axudas contarase cunha entidade colaboradora, ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e restantes disposicións de xeral e de concordante aplicación.

En consecuencia, de acordo cos obxectivos sinalados e de conformidade coas competencias atribuídas a este concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (nomeadamente en canto á promoción do turismo, mercados) e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (RD 887/2006, do 21 de xullo) e da Ordenanza Xeral deste concello, convócanse para o exercicio 2025 as axudas do programa Pancha, a moeda local de Ribadeo, que se axustan en todo caso aos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación e de acordo coas cláusulas establecidas nas seguintes bases:

Artigo 1. Finalidade

O programa “A Pancha, a nosa moeda local” ten como finalidade a dinamización da economía local mediante o apoio ao pequeno comercio, a hostalaría e certos servizos principalmente a través do estímulo e fomento da demanda.

Os obxectivos específicos deste programa concréntanse en:

- 1.- Propiciar o **fortalecemento das persoas empresarias autónomas e as micropemes** do sector comercial, hostaleiro, restauración e certos servizos recollidos nas presentes bases.
- 2.- **Estimular a demanda nos sectores clave da economía local**, o que favorecerá tanto á cidadanía como ao tecido empresarial.



3.- Dinamizar a actividade comercial no eido local.

Artigo 2. Obxecto

As presentes bases e convocatoria teñen como obxecto aprobar a VII edición do programa A Pancha, a nosa moeda local, para o fomento do consumo de bens e certos servizos en Ribadeo, sempre dirixido a persoas empresarias autónomas, micropemes, e pequenas empresas da vila.

Para estimular a demanda de produtos e servizos, o concello de Ribadeo, a través de A Pancha (PCH), subvencionará a compra ou o consumo de bens, produtos e servizos ofrecidos polos establecementos adheridos a esta campaña por parte das persoas maiores de 18 anos. Cada persoa poderá obter como máximo unha subvención de 100 euros por campaña, seguindo sempre as seguintes indicacións:

- As persoas usuarias deberán comprar como mínimo panchas por valor de 30 euros polo que obterán un total de 40 panchas, as cales terán un valor nominal de 40 euros. Hai que ter en conta que 1€ = 1 Pancha (PCH).
 - As persoas usuarias poderán cambiar un máximo de 300 € polo que obterán un valor de compra de 400 PCH e unha subvención de 100 euros en total. As diferentes fraccións que se poderán adquirir serán en múltiplos de 30 tal e como seguen:
 - Por cada 30 euros obterá 40 Pchs e unha subvención de 10 euros.
 - Por cada 60 euros obterá 80 Pchs e unha subvención de 20 euros.
 - Por cada 90 euros obterá 120 Pchs e unha subvención de 30 euros.
 - Por cada 120 euros obterá 160 Pch e unha subvención de 40 euros.
 - Por cada 150 euros obterá 200 Pch e unha subvención de 50 euros
-
- Por cada 300 euros obterá obterá 400 e unha subvención de 100 euros.

As panchas poderán ser trocadas posteriormente en compras e consumo de produtos, bens e servizos nos establecementos adheridos ata o seu esgotamento. **Asemade, os establecementos poderán aceptar como máximo 150 panchas por compra.**

A concesión das subvencións ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua ata esgotar o orzamento previsto e segundo a orde de recepción das solicitudes, baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.



Artigo 3.- Recursos Económicos

1. A dotación económica deste programa para o exercicio 2025 é de **65.000 euros** gasto imputable á aplicación orzamentaria **431.48929** do Orzamento municipal en vigor.
2. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento xeral de subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), no caso de que este crédito fose incrementado como consecuencia dunha modificación orzamentaria, como consecuencia dunha xeración, aplicación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de axudas sen necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Artigo 4. Entidade Colaboradora

1.- A xestión e distribución do valor nominal da Pancha mediante o canxe da moeda e da comprobación das condicións e requisitos de cada operación de venda farase en colaboración cunha entidade colaboradora.

Artigo 5. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as persoas maiores de 18 anos con cidadanía ou permiso de residencia legal no estado español e que realicen as actuacións descritas no artigo 2. Para ser beneficiaria terán que tramitar a súas solicitudes conforme ao establecido nestas bases.

Artigo 6. Contía

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será como máximo de 100€ euros por campaña, o que significa que poderán cambiar como máximo 300 euros, polos que obterán un valor de compra de 400 euros. As panchas poderanse adquirir en múltiplos de 30 euros, obtendo por cada 30 euros 10 euros.

Artigo 7.- Actividade subvencionable

1.- Subvencionarase a compra de bens e servizos nos establecementos adheridos á campaña, a través da subvención dunha porcentaxe sobre o valor de compra.

- a) As persoas usuarias deberán comprar como mínimo Panchas por valor de 30 euros polo que obterán un total de 40 Panchas, as cales terán un valor nominal de 40 euros, o que supón unha subvención do 33%, tendo en conta que 1€ = 1 Pancha (PCH).
- b) As persoas usuarias poderán canxear euros por Panchas ata esgotar o orzamento dispoñible, sempre nas fraccións que seguen e ata un máximo de 300 euros por persoa:

Por 30€ obterá 40 Pchs
Por 60€ obterá 80 Pchs
Por 90€ obterá 120 Pchs
Por 120€ obterá 160 Pchs



Por 150€ obterá 200 Pchs

.....

Por cada 300 euros obterá obterá 400 Pchs e unha subvención de 100 euros.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

- c) A campaña de cambio de panchas desenvolverase desde o **1 de novembro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025** ou ata alcanzar o máximo de panchas dispoñibles á venda, de producirse esta circunstancia con anterioridade á data indicada.
- d) Coa Pancha poderanse adquirir bens, produtos e servizos dos establecementos adheridos á campaña ata esgotar o moedeiro de panchas e ata a data final da campaña.
- e) Non se poderán admitir o pago con panchas de bebidas alcohólicas segundo a definición do Regulamento (CE), nº 110/2008 e no regulamento de Execución (UE) nº 716/2013.
- f) Só poderán adquirir panchas as persoas maiores de 18 anos con D.N.I. ou N.I.E. en vigor.
- g) As panchas estará dispoñibles na web www.pancharibadeo.gal para a súa descarga polo usuarios a partir do 1 de novembro de 2025 e terán unha validez de uso ata o 31 de decembro de 2025.
- h) O concello de Ribadeo poderá modificar as datas e/eo límites de compra por razóns organizativas
- i) Non se admitirán cambios nin devolucións de Panchas . No caso de que as Panchas non sexan liquidadas polas persoas beneficiarias, o importe total resultante quedará no poder do Concello de Ribadeo.

Artigo 8.- Natureza das axudas e procedemento de concesión

As axudas que se concedan no marco do presente programa terán a consideración de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva e serán subvencións a fondo perdido e non reintegrables.

As axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións de entidades públicas e privadas para idéntico fin.

O procedemento para a concesión das axudas reguladas nesta orde é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde de solicitude ata o esgotamento do crédito previsto nestas bases, así como a Lei 38/2003 Xeral de Subvenciones (en diante, LXS).

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de beneficiarios entre si, polo interese especial e universal en promover actuacións que fomenten o consumo nos establecementos adheridos, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases.



Artigo 9. – Órgano responsable da xestión das axudas

1.- O órgano responsable da xestión da subvención será o Concello de Ribadeo, a quen lle corresponde desenvolver as actuacións de supervisión e control da correcta execución do programa.

2.- A realización das tarefas de xestión deste programa, así como a distribución periódica das moedas subvencionables realizaranse a través dunha entidade colaboradora.

3.- A xestión dos fondos públicos asignados a este programa realizarase dacordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante
- c) Eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos.

Artigo 10. Presentación das solicitudes das Panchas

As persoas usuarias que desexen adquirir Panchas deberán ter en conta :

1. As solicitudes poderanse presentar dende o día 1 de novembro de 2025 e ata o 31 de decembro de 2025 ou ata esgotamento do crédito. Poderán solicitarse fraccións de 30 euros ata un máximo de 300 euros ata esgotar o crédito, fraccionado no número de veces que se desexen, para o que deberán empregar o usuario e claves do rexistro na web para o caso da petición en liña.

2. Para a solicitude en liña, cada persoa deberá rexistrase na web www.pancharibadeo.gal, indicando a seguinte información :

- a) Nome e apelidos
- b) Enderezo
- c) Código postal
- d) DNI ou NIE
- e) Número de teléfono móbil
- f) Correo electrónico

3. O uso da páxina web e a compra dos bonos suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deste datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica



3/2018, de 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informados.

4. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. O Concello de Ribadeo poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

5. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao corrente do cumprimento das obrigas con Facenda Pública do Estado e da Administración Autonómica, así como coa Seguridade Social e Administración Local.

Artigo 11 Instrución e resolución de concesión

Solicitada a compra de pancha da forma establecida nestas bases, a axuda entenderase preconcedida.

A resolución de concesión das axudas publicárase na paxina web do Concello de Ribadeo, con indicación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

Artigo 12 . Xustificación da subvención e pago de subvencións

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante beneficiario/a da circunstancia acreditada de ser maior de 18 anos con cidadanía ou permiso de residencia no Estado Español, non se requirirá outra xustificación que a comprobación da situación que motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito. Asemade, a persoa beneficiaria deberá gardar o ticket ou factura da compra subvencionada correspondente durante alomenos 4 anos.

A intervención do Concello de Ribadeo poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios, que, motivadamente se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a intervención do Concello de Ribadeo poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na lei 9/2007 e na LXS.

Artigo 13 Requisitos de adhesión e alta dos establecementos colaboradores

Requisitos :

1. Poderán adherirse ao programa de A Pancha as **persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos físicos permanentes situados en Ribadeo que cumpran os seguintes requisitos:**

a) Que teñan por obxecto preferente da súa actividade o da venda ás persoas consumidoras de produtos, bens ou servizos con establecementos nalgún dos epígrafes do I.A.E. recollidos no Anexo I destas bases.



b) Ser persoas empresarias **autónomas, micropemes ou pequenas empresas**, de conformidade co sinalado polos artigos 2.2 e 2.3 do Anexo I do regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en ampliación 107 e 108 do Tratado, así como a definición contida no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para micropemes.

Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante os dous últimos exercicios consecutivos pechados reúnan , polo menos dúas das seguintes circunstancias:

- Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.
- Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.
- Que o número medio de persoas traballadoras empregadas durante o exercicio non sexa superior a dez.

c) Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social así como o concello de Ribadeo.

Alta dos establecemento que desexen adherirse ao programa:

2.- Aqueles establecementos que desexen adherirse a este programa deberán formalizar o correspondente formulario de adhesión na paxina web que se habilitará para este programa no seguinte enderezo: www.pancharibadeo.gal e indicando a seguinte información:

Razón social / nome e apelidos

Nome comercial

Domicilio fiscal en Galicia.

NIF/CIF.

Nome, apelidos e DNI do representante.

Enderezo do establecemento comercial. C.P. Provincia. Concello. Localidade

▪ Número de teléfono móbil.

▪ Correo electrónico.

IAE principal (Incluído no anexo I)

Data de alta da actividade principal.

IBAN da conta bancaria.

Páxina web do establecemento comercial.



3.- O prazo para que os establecementos poidan adherirse a este programa será dende o **día 15 de outubro ata o día 24 de outubro de 2025**. A alta e o uso da aplicación polos comerciantes suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informados convenientemente.

5. Os establecementos interesados deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigados a cumprir. O concello de Ribadeo poderá comprobar ou, de ser o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

6. Non se admitirán nin terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta orde.

7. O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa de A pancha a nosa Moeda Local farase público na web www.pancharibadeo.gal

A alta e uso da aplicación polos establecementos suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deste datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informados.

Artigo 14 Comprobación de datos dos establecementos

Poderán consultarse automaticamente os datos dos establecementos incluídos nos seguintes documentos (DNI, NIE, NIF, IAE), para o que os establecementos deberán autorizar dita consulta.

Artigo 15 Sistema de funcionamento da Pancha e xestión para o canxe

1. A xestión do programa realizarase a través dunha plataforma tecnolóxica específica, dende a cal se levarán a cabo todos os trámites relacionados coa adhesión ao programa de subvencións, así como a formalización de toda a operativa de emisión, obtención, aplicación, canxe e compensación da moeda nos termos especificados nas presentes bases.



2. **Para facer efectivo os cobros coa Pancha, o establecemento deberá descargar no seu móbil a APP correspondente.** Os establecementos adheridos á campaña disporán dun usuario e contrasinal personalizados para acceder a esta plataforma.

3. **O establecemento poderá aceptar un pago máximo con panchas de 150 euros por compra, se a compravenda ten unha contía maior terá que ser cobrado con euros.**

4. No momento da compravenda, o establecemento terá que introducir na APP o importe total da compra e concepto de venda. Pola súa banda, a persoa usuaria deberá mostrar o QR da Pancha e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada sempre e cando o importe en panchas non sexa suficiente.

5. **A moeda local non é canxeable por diñeiro en efectivo e non se devolverá o importe das mesmas en ningún caso.** De producirse unha devolución dun produto mercado con moeda local, o establecemento emitirá un vale polo importe íntegro da compra ou será trocado por outra compra ou gasto de prezo igual ou superior, asumindo nese caso a persoa usuaria diferenza.

7. **Os establecementos adheridos á campaña poderán como máximo recadar nas compras 3.000 euros da parte correspondente as subvencións concedidas as persoas beneficiarias.**

8.- Os establecementos adheridos a este programa poderán seguir na plataforma para posibles futuras accións se así o reflicten explicitamente no momento da adhesión en aplicación da Lei de Protección de Datos.

9. O importe total das Panchas cambiadas que finalmente non sexan liquidadas/gastadas polas persoas beneficiarias **non serán devoltas** e quedarán en poder do Concello de Ribadeo, procedendo a efectuarse unha donación pola cantidade correspondente.

Artigo 16. Obrigas dos establecementos adheridos

Os establecementos adheridos ao programa a través da subscripción da solicitude de adhesión, adquirirán as seguintes obrigacións:

- a) Aceptar a moeda Pancha como modo de pago.
- b) **Publicitar no exterior dos establecementos a situación de adhesión ao programa** mediante a recepción e colocación dos correspondentes materiais publicitarios nun lugar visible e informar de xeito gratuíto as persoas beneficiarias.
- c) Dispor de teléfono móbil coa aplicación do programa descargada e dada de alta na aplicación e dispor de lector QR nel.
- d) Relacionarse coa entidade colaboradora para verificar o funcionamento da aplicación e os consumos coa súa correspondente xustificación documental co fin de recibir as liquidacións correspondentes.
- e) Non devolver ás persoas compradoras diñeiro en metálico en ningún caso.



- f) Conservar durante 4 anos todos os tickets de compra ou facturas xustificativas da aplicación das panchas segundo o Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control por parte desta Administración Local.
- g) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar que poidan ser empregadas indebidamente, comprometéndose a non facilitalas a outras persoas.
- h) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte do Concello de Ribadeo para verificar o axeitado funcionamento e xestión das Panchas e do programa xeral.
- i) A través da plataforma tecnolóxica do programa, os establecementos terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das vendas, as Panchas trocadas, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles do programa.
- j) Os establecementos adheridos á campaña poderán como máximo recadar nas compras 3.000 euros da parte correspondente ás subvencións concedidas as persoas beneficiarias.
- k) Non será aplicable o cambio de Panchas para as compras en liña.

Artigo 17. Data de activación de A Pancha

As panchas estarán dispoñibles na web www.pancharibadeo.gal para a súa descarga polos usuarios **a partir do 1 de novembro e terán validez ata o 31 de decembro de 2025.**

O Concello poderá modificar as devanditas datas se por razóns organizativas, sanitarias ou doutra índole así o aconsellan, dándose a oportuna publicidade.

Artigo 18.- Obrigas entidade colaboradora

1.- A entidade colaboradora que subscriba o convenio de colaboración comprometerase a desenvolver as seguintes accións.

- Entregar e distribuír as axudas do programa mediante a habilitación dunha plataforma tecnolóxica específica e das aplicacións informáticas máis axeitadas para a posta en marcha, execución e seguimento do programa de tal forma que permita facer un seguimento, control e rastrexabilidade da Pancha, do seu canxe nos establecementos e do seu pagamento.
- Ter operativas a plataforma e/ou aplicacións informáticas, habilitando o procedemento antes da entrada en vigor do programa.
- Utilizar a imaxe do programa definida polo Concello de Ribadeo.
- Por a disposición do Concello de Ribadeo, os seguintes informes:

- Persoas usuarias dadas de alta no programa.

- Establecementos dados de alta no programa.



- Número de Panchas descargadas (nome e apelidos, DNI/nNIE, localidade, provincia)

- Ser depositaria dos fondos transferidos e entregar e distribuir os fondos públicos entre os establecementos participantes no programa sen ningún custo ou requisito adicional dos previstos no programa e con independencia de que sexan clientes/as da entidade, cunha periodicidade semanal. Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio.
- Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, de ser o caso, coas instrucións específicas dadas polo Concello de Ribadeo.
- Informar ao Concello de Ribadeo do saldo dispoñible das Panchas unha vez alcanzada a súa data de caducidade, coa finalidade de realizar o reembolso dese saldo, se é o caso, ao Concello de Ribadeo.
- Comunicar ao Concello de Ribadeo, a través do correspondente ficheiro, as operacións de liquidacións e transferencias de aboamento realizadas, cunha periodicidade semanal.
- Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Cumprir, en materia de protección de datos, co regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, coa lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía do dereitos dixitais, e coas demais disposición vixentes sobre a materia.

Deberase manter a xestión das bases de datos do programa á marxe das bases de datos da clientela da entidade financeira, e non se poderá utilizar para ningún fin distinto da propia administración e xestión das panchas.

- Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

2. Ademais dos compromisos e obrigas indicados nas cláusulas anteriores, a entidade colaboradora asumirá as seguintes obrigas:

a) Todas as obrigas indicadas no artigo 15 da Lei Xeral de Subvencións, aceptando cantas comprobacións estime oportunas o Concello de Ribadeo en relación ao desenvolvemento e execución das actuacións.



Artigo 19. Información básica en materia de protección de datos persoais

A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade financeira adxudicataria e o Concello de Ribadeo terá a condición de responsable de tratamento.

Os datos serán tratados coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste programa.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público e o exercicio de poderes públicos en base a lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos establecementos adheridos ao programa na paxina web www.pancharibadeo.gal

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable, acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica ou presencialmente no Concello de Ribadeo. Así mesmo, poderán exercer os devanditos dereitos ante a entidade colaboradora.

Artigo 20 . Instrumentación e instrución

O concello de Ribadeo, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa de A Pancha.

Así mesmo, o presente programa queda suxeito ás actuacións de comprobación da Intervención municipal mediante control financeiro e auditorías e do Concello de Ribadeo ou do Consello de Contas, conforme á súa normativa.

No suposto de que se operase algún incumprimento das obrigas establecidas na presente convocatoria por parte dos establecementos adheridos, o concello de Ribadeo poderá cancelar a adhesión dalgún establecemento á campaña da Pancha e comunicarlle tal circunstancia á entidade colaboradora, co fin de impedir o uso da Pancha, ou solicitará, no seu caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os establecementos adheridos a este programa están obrigados a facilitar canta información lle sexa requirida polo Concello de Ribadeo.

Artigo 21. Publicidade das subvencións no portal de transparencia

A convocatoria publicárase no B.O.P de Lugo, mediante extracto, que abrirá o prazo para adherirse ao programa “ A Pancha, a nosa moeda local” , logo da previa remisión á base de datos nacional de Subvencións (BDNS) co contido previsto no artigo 20 da LXS e normativa de desenvolvemento.



De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as axudas públicas concedidas ao abeiro deste programa publicaranse con indicación do seu importe e persoas beneficiaras no Portal de Transparencia do Concello de Ribadeo.

Artigo 22. Información

Poderase obter información adicional a través da web: www.pancharibadeo.gal

Anexo I – Epígrafes

- ***Detalles IAE** - Segundo a clasificación de epígrafes do IAE, poderán adherirse á campaña todos aqueles establecementos que estean dados de alta en algún dos seguintes epígrafes:
- **1.64.** Comercio polo miúdo de produto alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecemento permanente (salvo epígrafe 647.4.- comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimentarios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 300 metro cadrados; e epígrafe 647.5.- Subministro de produtos alimenticios e bebidas, excluído o tabaco, a través de máquinas expendedoras).
- **1.65.** Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes (salvo epígrafe 652.1 – Farmacias, comercio polo miúdo de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal; epígrafe 655. - Combustibles, carburante e Lubricantes; e epígrafe 658- Compravenda de gando).
- **1.662.** Comercio mixto o integrado polo miúdo.
- **1.971.** Lavanderías, Tinturerías e servizos similares.
- **1.9721.** Servizos de perruquería de señoras e cabaleiros e 1.9722 Salóns de institutos de beleza.
- **1.9731.** Servizos fotográficos.
- **1.975.** Servizos de enmarcación.
- **1.981.2.** Xardíns de recreo nos que a entrada é por prezo.
- (A organización resérvase o dereito de poder modificar este detalle de IAE)
- **671.** Servizos en restaurantes
- **672.** Servizos en cafeterías



- **673.** *Cafés e bares, con e sen comida.*
- **676.** *Servizos en chocolaterías, xeaderías e orchaterías*
- **677.** *Servizos prestados polos establecementos clasificados nos grupos 671, 673, 681 e 682 das agrupacións 67 e 68 realizados fora de ditos establecementos. Outros servizos de alimentación das agrupacións 67 e 68 realizados fóra de ditos establecemos*
- **Grupo 721.2.** *Transporte por autotaxis*
- **Grupo 963.** *Exhibición de películas cinematográficas e vídeos*

En Ribadeo, á data da sinatura dixital

O Alcalde,
Daniel Vega Pérez

O Secretario Municipal,
Jose Antonio Carro Asorey

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

